

Castelao 3. Máis alá!
Inacio Vilariño • Iván Suárez

EDITOR: Manel Cráneo
REVISIÓN DE TEXTOS: Henrique Torreiro
REVISIÓN DE TEXTOS EN FRANCÉS: Noelia Couce
DESEÑO E MAQUETACIÓN: Demo Editorial
IMPRESIÓN: Lugami
PRODUCIÓN AUDIOVISUAL: Demo Editorial
Tráiler: youtube.com/demoeditorial

© Polo guión, Inacio Vilariño, 2013
© Polos debuxos, Iván Suárez, 2013
© Pola presente edición, Demo Editorial, 2013
Primeira edición: maio de 2013

DEMO EDITORIAL
Rúa Gramela nº23- Baixo B
15010 A Coruña (Galicia/Spain)
demoeditorial.blogspot.com
demo.editorial@gmail.com

Este álbum está producido en colaboración con Komic Librería.

KOMIC LIBRERÍA
Rúa de San Pedro de Mezonzo, 34
15701 Santiago de Compostela (Galicia/Spain)
www.komic.es
komic@komic.es
Tel. 981 593 280

ISBN: 978-84-940349-5-4
Depósito legal: C 751-2013

Ningunha parte deste libro pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por sistema mecánico ou electrónico ningún sen previa autorización do editor, salvo no caso de extractos para uso informativo en medios de comunicación.

Castelao

MÁIS ALÁ!

INACIO / IVÁN SUÁREZ

KOMIC LIBRERÍA

deMo editorial

AÍNDA QUE A VIAXE DE ESTUDOS QUE REALIZOU POR EUROPA EN 1921 O MANTIVO APARTADO DAS ACTIVIDADES DAS IRMANDADES DA FALA, CASTELAO SEGUE SENDO UN DOS SEUS MEMBROS MÁIS IMPORTANTES. EN FEBREIRO DE 1922 ASISTE EN MONFORTE Á SÚA IV ASEMBLEA, E APROVEITA PARA EXPOR A COLECCIÓN DE DEBUXOS "NÓS" NA GALERÍA DO CONCELLO.



* INTERPRETACIÓN GRÁFICA DUN DOS DEBUXOS DO ÁLBUM 'NÓS'.


MONFORTE DE LEMOS,
19 DE FEBREIRO DE 1922
COF, COF!
MÁIS Á ESQUERDA!
MIRADE TODOS PARA A CÁMARA! COF, COF!
QUINTANILLA, PÉGATE MÁIS A OTERO! COF! ASÍ NON ENTRAS NA FOTO.
ROBERTO, AÍ ESTÁS COMPLETAMENTE OCULTO. COF... TES QUE BOTAR A CABEZA UN POUCO Á DEREITA... COF, COF!
ACABADE XA! A MIN ESTÁSEME ARREFRIANDO O CU.
HA
HA
HA
AGUANTADE QUIETOS UN INTRE, HO! COF!
NON DISPARES! AÍNDA FALTA CASTELAO.


DANIEL, VENTE POÑER NA FOTO!
XA VOU, ANTÓN, XA VOU!
ONDE ME POÑO?
SÉNTATE AÍ EMBAIXO, E DESCUBRE A CABEZA.
AÍ ESTÁS BEN, QUE NON TAPAS A NINGUÉN. COF! ESTÁDEVOS TRES SEGUNDOS QUEDOS.
1, 2, 3...
CLICK!
E HABERÁ QUE IR INDO!
...
SI, VAMOS BAIXANDO PARA O CONCELLO.
A REUNIÓN DA ASEMBLEA COMEZA EN MEDIA HORA.
...


NON SEI POR ONDE BAIXAREMOS MELLOR.
...
HA SABER BANET, QUE É O QUE VIVE AQUÍ.
QUE, DANIEL, NON BAIXA?
AH, MANUEL ANTONIO! PERO POR QUE NON ME ATÚAS?
AÍNDA QUE TEÑO ALGÚNS ANOS DO SÉCULO PASADO, COIDO QUE NON SON NINGÚN VELLO!
AH, DESCULPE, VINO... DIGO... VINTE MOI REFLEXIVO, SEMELLABAS O PENSADOR DE RODIN, HE, HE.
AGARDO QUE NON, PORQUE A ESCULTURA DE RODIN MÁIS QUE PENSAR SEMELLA DESESPERAR. EU O QUE ESTABA É PROFUNDANDO!
SERÁ PROFUNDIZANDO?
FOI ASÍ COMO ME DIXO UNHA VEZ UN BARBEIRO VECIÑO NOSO DE ALÁ DE RIANXO, E DESDE AQUELA PARA MIN HAI HOMES QUE PROFUNDAN... TENCHE UN XENIO AQUELA XENTE...!
E AÍNDA QUEDA CURTO! NON SEI SE SOUBECHES DO CASO DO HÓRREO DA FINCHEIRA.
O DIESTE SEMPRE DI QUE RIANXO É COMO A ATENAS DE PERICLES.


EU SAÍN DE ASADOS CANDO TIÑA 15 ANOS, E MOITO NON CHE SEI DO QUE POR ALÍ PASA.
POIS CÓNTOCHO, QUE TEN A SÚA GRAZA: HAI TRES ANOS DEULLE AO ALCALDE DE RIANXO POR CHIMPARLLE AO MEU PAI O HÓRREO QUE TIÑA NA FINCA DA FINCHEIRA.
SPLASH!!
BAIXO O PRETEXTO DE QUE O "ARTEFACTO" ATENTABA CONTRA O ORNATO PÚBLICO, O ALCALDE MANDOU QUE O DERRUBASEN. PERO COMO OS DA VILA NON LLO QUIXERON FACER, ENCARGOULLE O TRABALLIÑO A UNHA CUADRILLA DE CANTEIROS DA TÚA PARROQUIA.
O ASUNTO É QUE CANDO CHEGARON, PROTEXIDOS POLA GARDA CIVIL, UNHA MULLER, PARA DAR A VOZ DE ALARMA, COMEZOU A BERRAR:
ALIGHA Á FINCHEIRA, ALIGHA Á FINCHEIRA!
E OS VECIÑOS COMEZARON A ACUDIR CARGADOS CON CALDEIROS CHEOS DE AUGA...
LUME!
LUME!
RECODIO, BOA A FIXEN!
CANDO A MULLER SE DEU CONTA DA CONFUSIÓN, RECTIFICOU E DIXO:
ALIGHA Á FINCHEIRA, PERO SEN CALDEIRA!